

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 2 de xuño de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dous de xuño do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, , Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a Ilma. Sra. Presidenta *Dna. M^a del Carmen Silva Rego*, nin os deputados *D. Carlos López Font e D. Santos Héctor Rodríguez Díaz*, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32702.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de xuño 2023.

2.32703.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA 2022-2023”.
(Expte.2023024752)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 21 de abril de 2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento simplificado do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de abril de 2023. Na mesma data, publicanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de maio de 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas licitadoras.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados, cos criterios de valoración automática, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, clasificou por orde decrecente as ofertas presentadas e admitidas e acordou propor ao órgano de contratación á adxudicación do contrato á empresa *AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros* (NIF: A-60917978) polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comprobou que a empresa *AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros* (NIF: A-60917978), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar. Asemade, facultou ao secretario da Mesa para que procedera a requirirille, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Con data 15/05/2023, o secretario da Mesa de Contratación, requiriu á empresa *AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros* (NIF: A-60917978), para que remitise a referida documentación no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seu envío (Rexistro saída NOT2023011599, do 15/05/2023).

A empresa *AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros* (NIF: A-60917978) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023033745, de data 24/05/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 4.326,00 € (carta de pago núm. operación 202300104382, do 24/05/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización



e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de “*Seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola universitaria de Enfermería 2022-2023*” á empresa *AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros* (NIF:A60917978) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

1. Prima total anual ofertada: 86.520,00 €.
2. Incrementos de límite e sublímite de indemnización:
 - Importe de incremento ofertado do límite de indemnización por sinistro e anualidade sobre o mínimo exixido (5.000.000,00 €): 7.000.000,00 €
 - Importe de incremento ofertado do sublímite de indemnización por vítima sobre o mínimo exixido (600.000,00 €): 400.000,00 €
3. Redución de franquías máximas aplicable sobre o sinistro:
 - Redución da franquicia máxima xeral aplicable por sinistro (1.500,00€): 1000,00 €
 - Redución da franquicia máxima específica para danos producidos polas instalacións destinadas á distribución xeral e acometida dos servizos de auga ou obras por sinistro (1.500 €): 750,00 €.
4. Responsabilidade civil derivada de protección de datos: SÍ
5. Responsabilidade civil publicitaria: SÍ

O prazo de duración do contrato é de un ano, contado desde a data de formalización do contrato.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/922.9330.224.01 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

O pago da prima total anual realízase unha vez formalizado o contrato, dentro do prazo máximo de trinta días contados a partir do día seguinte ó de presentación da factura pola empresa adxudicataria por medios electrónicos. Con todo, si a factura e documentación presentada presentara algún defecto, devolverase ó contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que se presente a factura e documentación debidamente subsanadas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023024752		
Órgano xestor:	LA0006128	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Antonio Torrón Casal, técnico adxunto á xefatura do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

3.32704.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023005688)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
Lote 1	Escola de Canteiros
Lote 2	Centro Príncipe Felipe
Lote 3	Museo de Pontevedra
Lote 4	Cooperación
Lote 5	Turismo Rías Baixas



O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 31 de marzo de 2023, aparecendo publicado o día 5 de abril de 2023 (Anuncio de licitación 2023/S 068-204925), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de abril de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 5 de maio de 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

Na mesma reunión da Mesa de Contratación do día 5 de maio de 2023, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que resultan admitidas.

Revisada a documentación obsérvase que a empresa Eulen Seguridad, S.A. (NIF: A28369395) consta no Registro Oficial de Licitadores y Empresas coa seguinte prohibición para contratar:

“Ordenante: MINISTRA DE FACIENDA E FUNCION PUBLICA

Data de Resolución: 2023-02-24

Data de Inicio: 2023-04-19

Data de Vencemento: 2023-11-18

Causa: Prohibición de contratar no ámbito do sector público, á empresa EULEN SEGURIDAD S A, durante o prazo de 7 meses.

Ámbito: Todo o Sector Público”

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar deberán concorrer na data final de presentación de ofertas (art. 140.4 LCSP).

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de maio de 2023, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa Eulen Seguridad, S.A. (NIF: A28369395) por non cumprir cos requisitos previos para poder contratar coa administración en data 3 de maio de 2023, día final de presentación de ofertas.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación dos lotes 2, 3, 4 e 5 do contrato a favor das seguintes empresas polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes:

- LOTE 2: Salzillo Seguridad S.A. (NIF: A73100638)
- LOTE 3: Salzillo Seguridad S.A. (NIF: A73100638)
- LOTE 4: Innovative Security Concept SL (NIF: B-90320912)
- LOTE 5: Salzillo Seguridad S.A. (NIF: A73100638)



Mediante Resolución Presidencial número 2023003920, de 16/05/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Salzillo Seguridad S.A. (NIF: A73100638) que presenta a mellor oferta para os lotes 2, 3 e 5 do contrato, e á empresa Innovative Security Concept SL (NIF: B-90320912), que presenta a mellor oferta para o lote 4 do contrato, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, presenten a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023032975, de data 19/05/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das seguintes garantías definitivas para cada un dos lotes:

LOTE	IMPORTE	CARTA DE PAGO NÚM. OPERACIÓN	DATA
LOTE 2	17.245,05 €	202300100475	19/05/2023
LOTE 3	35.840,23 €	202300100480	19/05/2023
LOTE 5	12.817,88 €	202300100484	19/05/2023

A empresa INNOVATIVE SECURITY CONCEPT SL (NIF: B-90320912) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023034137, de data 25/05/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.859,78 € (carta de pago núm. operación 202300111417, do 26/05/2023).

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 30 de maio de 2023 no que se sinala a modo de conclusión que *“o Pleno da Corporación Provincial acordou aprobar a cesión da Escola de Cantería á Xunta de Galicia, sendo traspasada a titularidade do ben, polo que decae a necesidade do servizo de vixilancia no lote 1. Polo que propón ao órgano de contratación a renuncia a este contrato. No obstante la Xunta de goberno decidirá?”*.

Tendo en conta o artigo 152.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, *só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razón de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razón alegadas para fundamentar a decisión.*

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Eulen Seguridad, S.A. (NIF: A28369395), por non cumprir cos requisitos previos para poder contratar coa administración en data 3 de maio de 2023, día final de presentación de ofertas.

2.- Non adxudicar o Lote 1 (Escola de Cantería) do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de Seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra por ter aprobado o Pleno da Corporación a cesión da Escola de Cantería a Xunta de Galicia, motivo polo que decae a necesidade do servizo de seguridade e vixilancia neste centro.

3.- Adxudicar os lotes 2, 3, 4 e 5 do contrato de servizo “*Seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra*” ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

LOTE 2: SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)

1.- *Prezo ofertado* (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):

Importe sen o IVE:	344.900,90 €
IVE (21%):	72.429,19 €
Importe total ofertado:	417.330,09 €

2.- Outros criterios:

Plataforma dixital:

- A empresa licitadora oferta un sistema de seguimento do servizo, segundo o establecido no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de alerta, segundo o establecido no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de rondas en tempo real, segundo o detallado no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de entrega de chaves, segundo o detallado no PCAP.

Plan de formación continua, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares.- Horas de formación por persoa vixiante: MÁIS DE 60 HORAS

Servizos extraordinarios.- Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 11,96%



Certificados de calidade:

- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión para operacións de Seguridade Privada ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO 18788:2015).
- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión de seguridade da información ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO/IEC 27001:2015).
- A empresa dispón do certificado xestión de seguridade e saúde laboral ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (OHSAS 18001:2017).

Frecuencia das actuacións da persoa inspectora de servizos, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares: 3 visitas semanais a cada centro.

LOTE 3: SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)

1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):

Importe sen o IVE:	716.804,66 €
IVE (21%):	150.528,98 €
Importe total ofertado:	867.333,64 €

2.- Outros criterios:

Plataforma dixital:

- A empresa licitadora oferta un sistema de seguimento do servizo, segundo o establecido no PCAP
- A empresa licitadora oferta un sistema de alerta, segundo o establecido no PCAP
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de rondas en tempo real, segundo o detallado no PCAP
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de entrega de chaves, segundo o detallado no PCAP

Plan de formación continua, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares.- Horas de formación por persoa vixiante: MÁIS DE 60 HORAS

Servizos extraordinarios.- Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 11,96%

Certificados de calidade:

- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión para operacións de Seguridade Privada ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO 18788:2015)
- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión de seguridade da información ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO/IEC 27001:2015)
- A empresa dispón do certificado xestión de seguridade e saúde laboral ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (OHSAS 18001:2017)



Frecuencia das actuacións da persoa inspectora de servizos, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares: 3 visitas semanais a cada centro.

LOTE 4: INNOVATIVE SECURITY CONCEPT SL (NIF: B-90320912)

1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):

Importe sen o IVE:	37.195,64 €
IVE (21%):	7.811,08 €
Importe total ofertado:	45.006,72 €

2.- Outros criterios:

Plataforma dixital:

- A empresa licitadora oferta un sistema de seguimento do servizo, segundo o establecido no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de alerta, segundo o establecido no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de rondas en tempo real, segundo o detallado no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de entrega de chaves, segundo o detallado no PCAP.

Plan de formación continua, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares.- Horas de formación por persoa vixiante: 65 HORAS

Servizos extraordinarios.- Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 10%

Certificados de calidade:

- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión para operacións de Seguridade Privada ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO 18788:2015)
- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión de seguridade da información ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO/IEC 27001:2015)
- A empresa dispón do certificado xestión de seguridade e saúde laboral ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (OHSAS 18001:2017)

Frecuencia das actuacións da persoa inspectora de servizos, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares: 3 visitas semanais a cada centro.



LOTE 5: SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)

1.- Prezo ofertado (cantidade a consignar en termos de prezo a tanto alzado para os 12 meses de execución do contrato):

Importe sen o IVE:	256.357,58 €
IVE (21%):	53.835,09 €
Importe total ofertado:	310.192,67 €

2.- Outros criterios:

Plataforma dixital

- A empresa licitadora oferta un sistema de seguimento do servizo, segundo o establecido no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de alerta, segundo o establecido no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de rondas en tempo real, segundo o detallado no PCAP.
- A empresa licitadora oferta un sistema de control de entrega de chaves, segundo o detallado no PCAP.

Plan de formación continua, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares.- Horas de formación por persoa vixiante: MÁIS DE 60 HORAS.

Servizos extraordinarios.- Porcentaxe de baixada única que oferta a empresa para os prezos unitarios dos servizos extraordinarios, con dous decimais: 11,96%

Certificados de calidade:

- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión para operacións de Seguridade Privada ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO 18788:2015).
- A empresa dispón do certificado do sistema de xestión de seguridade da información ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (ISO/IEC 27001:2015).
- A empresa dispón do certificado xestión de seguridade e saúde laboral ou equivalente vinculada co obxecto do contrato (OHSAS 18001:2017).

Frecuencia das actuacións da persoa inspectora de servizos, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego de prescricións administrativas particulares: 3 visitas semanais a cada centro.

O prazo de duración do contrato será de 1 ano a partir da data que se sinale no documento de formalización.

En todo caso esta data non será anterior ao 01/07/2023, para os lotes 3, 4, e 5. Para o Lote nº 2 non será anterior ao 06/09/2023. Establécese a posibilidade dunha prórroga cunha duración máxima dunha anualidade.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial, e as do ano 2024 contabilizarase na correspondente aplicación, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Anualidade	Centro Xestor	Aplicación orzamentaria	Importe servizos ordinarios (con IVE)	Importe servizos extraordinarios (con IVE)
2023 (6 meses, excepto CPF, 4 meses)	Centro Príncipe Felipe	23/232.2312.227.01	139.110,03 €	13.911,00 €
	Museo de Pontevedra	23/333.3330.227.01 (vinculación)	433.666,82 €	43.366,68 €
	Cooperación	23/942.4330.227.01	11.701,75 €	1.170,17 €
		23/942.4331.227.01 (vinculación)	10.801,61 €	1.080,16 €
	Turismo Rías Baixas	23/433.4320.227.01 (vinculación)	39.580,58 €	3.958,06 €
		23/433.3360.227.01 (vinculación)	115.515,75 €	11.551,58 €
2024 (6 meses, excepto CPF, 8 meses)	Centro Príncipe Felipe	24/232.2312.227.01	278.220,06 €	27.822,01 €
	Museo de Pontevedra	24/333.3330.227.01	433.666,82 €	43.366,68 €
	Cooperación	24/942.4330.227.01	11.701,75 €	1.170,17 €
		24/942.4331.227.01	10.801,61 €	1.080,16 €
	Turismo Rías Baixas	24/433.4320.227.01	39.580,58 €	3.958,06 €
		24/433.3360.227.01	115.515,75 €	11.551,58 €



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo responsable do contrato designado pola Deputación de Pontevedra, con periodicidade mensual.

Os importes a facturar mensualmente polas respectivas empresas adxudicatarias dos lotes adxudicados serán:

a) Para o servizo regular, o importe resultante de dividir o prezo de adxudicación do lote correspondente entre 12 meses (período de duración do contrato).

No caso do Lote nº 4, o citado importe a facturar mensualmente distribuirase en 2 facturas diferentes:

- Factura correspondente aos Viveiros de empresa, ao que se lle imputará o 52,00% do importe mensual a facturar.
- Factura correspondente ao Centro de Servizos e Apoio Empresarial, ao que se lle imputará o 48,00% do importe mensual a facturar.

No caso do Lote nº 5, o importe a facturar mensualmente distribuirase en 2 facturas diferentes:

- Factura correspondente ao Palacete das Mendozas, ao que se lle imputará o 25,52% do importe mensual a facturar.
- Factura correspondente aos Castelos de Soutomaíor e Sobroso, ao que se lle imputará o 74,48% do importe mensual a facturar.

b) E no caso de que, durante o período facturado, executáranse horas de servizos extraordinarios, a cantidade resultante de multiplicar o prezo/hora, unha vez aplicada a baixada ofertada, polo número de horas adicionais solicitadas pola Deputación de Pontevedra e efectivamente executas pola empresa adxudicataria durante o período mensual facturado. Neste caso, realizarase unha factura independente da emitida para o servizo regular.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Lote 2: Centro Príncipe Felipe.

Administración :	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023005688	
Órgano xestor:	LA006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 3: Museo de Pontevedra

Administración :	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023005688	
Órgano xestor:	Lote 3: LA006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 4: Cooperación cos Municipios

Administración :	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023005688	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 5: Turismo Rías Baixas

Administración :	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023005688	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables do contrato:

- Lote 2: Xefatura de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe
- Lote 3: Persoa Directora de xestión do Museo Provincial
- Lote 4: Xefatura do Servizo de Cooperación
- Lote 5: Xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas

4.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar os contratos en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalicen o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

4.32705.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRORROGA DO CONTRATO “SERVIZO DE MANTEMENTO, ATENCIÓN A INCIDENCIAS E VIALIDADE INVERNAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2020007920) (

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, nas súas sesións ordinarias celebradas os días 16/11/2020 e 04/12/2020 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun prazo de duración do contrato, será de DOUS (2) ANOS, a contar dende a data de formalización do contrato, de acordo co seguinte detalle polos prezos e valores ofertados:

LOTE 1- ZONAS 7 e 9

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE PONTENORTE II	1.449.097,39 €

LOTE 2- ZONA 4

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	799.574,05 €

LOTE 3- ZONA 5

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES,S.A.- PROVISA VIAS Y OBRAS, S.L.U.	906.153,97 €

Resultando.- Que en referencia ó lote 3 a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23/11/2021 acordou autorizar a súa cesión a favor da empresa CONSTRUCCIONES OBRA Y VIALES, S.A.

Resultando.- Que o contrato do lote 1 formalizouse o día 17/12/2020; o contrato do lote 2 formalizouse o día 4/12/2020; o contrato do lote 3 formalizouse o día 18/01/2020



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/09/2022 acordou aprobar a primeira prorroga dos lotes 1, 2 e 3 do contrato “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra” ata o 06/08/2023

Resultando.- Que Con data 05/04/2023 recibíuse no Servizo de Contratación solicitude do director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, (CSV) MCP5N7I2YKNS3MIQ, recollendo que dentro do proceso de reestruturación do servizo de conservación de estradas, preténdese transformar o contrato de conservación ordinaria e o de vialidade invernal nun único contrato de conservación integral, labor que se está a facer na actualidade tendo impulsado unha nova prestación a través do contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Sendo este un proceso complexo, no que se require dun proceso administrativo de contratación longo, máis tendo en conta o tempo preciso para a posta en marcha dos adxudicatarios, e estando próxima a data de finalización dos contratos aludidos, parece oportuno prorrogar os actuais contratos de “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra”

Resultando.-Que consta no expediente informe complementario (CSV) K3HRWPTV0MG7282N, no que se recolle que o gasto anual estímase en 1.577.412,72 € IVE incluído, distribuídos da seguinte maneira:

ANO	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
2023	290.209,03 €	160.129,77 €	181.474,41 €
2024	434.339,67 €	239.657,26 €	271.602,58 €
TOTAL	724.548,70 €	399.787,03 €	453.076,99 €

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV) 5R6JWWN64PR3NPWL, realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor, (CSV) T1AS56VC1FV1F2T9 que recolle o seguinte: “...infórmase favorablemente a proposta, debendo conceder unha prórroga dun ano dende o 06/08/2023 ata o 06/08/2024, ou se sucedese antes, ata que o novo contrato “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA poida iniciar a súa execución...”

Resultando.- Que polo Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:

LOTE	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
IMPORTE	301.895,29 €	166.577,93 €	188.782,08 €
NUMERO OP.	202300089892	202300089896	202300089899

As cantidades relativas ó ano 2024 quedan condicionadas á aprobación do respectivo orzamento é a existencia de crédito nas partidas correspondentes.



Considerando.- Que o apartado 4 do PCAP recolle que o contrato poderá ser prorrogado por un prazo máximo de dous anos.

Considerando.- Que segundo se recolle no informe do director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV) MCP5N7I2YKNS3MIQ o nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a segunda prórroga do contrato “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra” dende o 06/08/2023 ata o 06/08/2024, ou se sucedese antes, ata que o novo contrato “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA poida iniciar a súa execución.
2. Autorizar o gasto por importe de 1.577.412,72 €. Este contrato financiarase da seguinte maneira:

ANO	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
2023	290.209,03 €	160.129,77 €	181.474,41 €
2024	434.339,67 €	239.657,26 €	271.602,58 €
TOTAL	724.548,70 €	399.787,03 €	453.076,99 €

As cantidades correspondentes ó ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.210.00.

As cantidades correspondentes ó ano 2024 quedarán condicionadas a aprobación do orzamento do ano 2024 é a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

- 5.32706.- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO CONTRATO DERIVADO DO LOTE 4, ZONA D2 DO “ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022”, POR INCUMPRIMENTO NA SÚA EXECUCIÓN. (Expte.2022017780)

Resultando.- Que O Pleno da Deputación na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/03/2021, acordou adxudicar á empresa CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A. o lote 4 do acordo marco para regular as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación, cunha porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios ofertados do 15,189 %.



Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada 25/03/2022 acordou autorizar a primeira prórroga do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación, cunha duración de un ano, entrando en vigor para o lote 4 o día 04/05/2022.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/05/2022 acordou adjudicar o contrato derivado do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022. Lote 4- Zona D2”, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de 878.597,95 € IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 30/05/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 30/12/2022.

Resultando.- Que con data 23/11/2022 tivo entrada a través do rexistro electrónico da Deputación, escrito de CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., (CSV) MB05WA75CEHF19D8, solicitando unha ampliación do prazo de execución de dous meses, debido a que as condicións climatolóxicas que se produciron dende outubro, imposibilitaron a execución do estendido do aglomerado quente e pintado de estradas o que provoca que non se podan executar as obras no prazo inicial mente previsto.

Resultando.- Que solicitado o preceptivo informe, a directora da obra emitiu o mesmo constando no expediente con (CSV) 5JS4F6JG4GYRTBXV, onde se recolle o seguinte: “... Primeiro.- Os traballos comezaron no mes de xuño a bo ritmo, como se pode comprobar no importe executado na certificación nº1. Segundo.- No mes de xullo e agosto (sen ningún inconveniente meteorolóxico) a empresa paralizou os traballos por motivos totalmente alleos a esta administración. Terceiro.- No mes de setembro retomaron os traballos que no mes de outubro volveron a paralizar. Cuarto.- O 16 de novembro, á vista do ritmo dos traballos, se lle reitera por correo electrónico o seguinte: “Lémbrese unha vez máis que o prazo para a obra termina o 30 de novembro e o contrato pendente de executar é do 45%. Despois de estar sen traballar no contrato derivado durante polo menos tres meses onde o tempo foi totalmente favorable, advírtese que en ningún caso procede unha prórroga para o mesmo porque o que haberá que ter en conta que unha vez finalizado o prazo comprometido haberá que asumir as penalidades correspondentes”. Como se pode comprobar no importe da certificación núm. 6 (que recolle un período de execución do 01/11/22 ao 30/11/22 no que finalizaba o contrato), puideron traballar sen ningún inconveniente xa que executaron nese mes un volume importante de obra, deixando todos os o traballos para a finalización da mesma pendentes de executar. Por todo isto, o argumento da empresa onde se informa de que non se puideron executar as obras previstas non resulta admisible. Quinto.- Polo recollido anteriormente infórmase desfavorablemente a prórroga solicitada para o contrato en base ao suposto establecido na solicitude. Ademais cabe suññar que os remates pendentes para a finalización do contrato están sen executar a día de hoxe onde o retraso na execución dos traballos, é por causas imputables ó contratista...”

Resultando.- Que complementa a directora de obra o seu informe con outro complementario emitido ó finalizar a execución da obra e con (CSV) RTDQ6VKNB6KO0V99, recollendo o seguinte: “...A data de finalización dos traballos contemplados nas obras de conservación de firmes do ano 2022 foi o día 23 de xaneiro de 2023, como se recolle na última certificación realizada..”



Resultando.- Que o xefe do Servizo de Contratación, emitiu o preceptivo informe, recollendo o seguinte: *“...A directora da obra recolle nos seus informes que existiu un retraso na execución dos traballos por causas imputables ó contratista, xa que nos meses de xullo e agosto sen ningún inconveniente meteorolóxico paralizou os traballos por motivos totalmente alleos a esta administración, retomando os mesmos en setembro volvendo a paralizar en outubro, reiterándolle por escrito no mes de novembro que non cabía ningunha prorroga pois durante alo menos tres meses o tempo foi favorable o contratista estivo sen traballar debendo asumir unha vez finalizado o prazo de execución, as penalizacións correspondentes. Polo dito anteriormente, e polo recollido nos informes da directora de obra emitidos ó efecto así como o establecido nos pregos que rexeron nesta contratación e as normas de contratacións asociadas, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., non cumpriu co prazo de execución do contrato por causas que lle son imputables ó contratista, superando dito prazo en VINTECATRO (24) DÍAS, polo que cabería impoñerlle as penalizacións correspondentes. A cuantificación económica da cantidade a penalizar sería o resultado de aplicar a proporción diaria de 0,60 € por cada 1.000 euros do prezo do contrato IVE excluído, sendo a cantidade resultante de 10.456,04 €...”*

Resultando. Que requirido CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. para que fixera as alegacións que estimara oportunas (CSV) Y0WU4HK0AG7226WJ, non consta que atendera ó requirimento en prazo establecido

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público recolle o seguinte: *“...o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público recolle o seguinte: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva...”*

Considerando.- Que a cláusula 20.4 do PCAP que rexeu nesta contratación en relación co artigo 193.3 da LCSP establecen no que ás penalizacións por demora se refire, o seguinte: *“...Cando a ou o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalizacións diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído...”*

Considerando.- Que o artigo 194.2 do mesmo texto legal, establece que: *“...as penalizacións previstas nos dous artigos anteriores imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptando a proposta do responsable do contrato, se se houbera designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas as deducións das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse dos pagos mencionados...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Impoñer penalizacións á empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. por incumprimento culpable na execución da obra Contrato derivado LOTE 4. ZONA D2 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022



A cuantificación económica da cantidade a penalizar será de 10.456,04 €, que se fará efectiva ou mediante a dedución da citada cantidade da garantía definitiva depositada polo adxudicatario para facer fronte á execución da citada obra, ou depositando dita cantidade na Tesourería da Deputación de Pontevedra no prazo de DEZ DÍAS, a contar dende o día seguinte á notificación deste acordo.

6.32707.- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO CONTRATO DERIVADO DO LOTE 6, ZONA F2 DO “ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022”, POR INCUMPRIMENTO NA SÚA EXECUCIÓN. (Expte.2022017784)

Resultando.- Que o Pleno da Deputación na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/03/2021, acordou adxudicar á empresa CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A. o lote 6 do acordo marco para regular as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación, cunha porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios ofertados do 15,189 %.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada 25/03/2022 acordou autorizar a primeira prórroga do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación, cunha duración de un ano, entrando en vigor para o lote 6 o día 04/05/2022.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/05/2022 acordou adxudicar o contrato derivado do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022. Lote 6- Zona F2”, á empresa CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de 688.577,74 € IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 09/06/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 09/12/2022.

Resultando.- Que con data 23/11/2022 tivo entrada a través do rexistro electrónico da Deputación, escrito de CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A., (CSV) T82QC6BGCH83T9IP, solicitando unha ampliación do prazo de execución de dous meses, debido a que as condicións climatolóxicas que se produciron dende outubro, imposibilitaron a execución do estendido do aglomerado quente e pintado de estradas o que provoca que non se podan executar as obras no prazo inicial mente previsto.

Resultando.- Que solicitado o preceptivo informe, a directora da obra emitiu o mesmo constando no expediente con (CSV) IJ1AV1AA91GM062H, onde se recolle as porcentaxes de obra pendentes de executar, segundo as certificacións emitidas ata decembro, recollendo ademais o seguinte: “...Atendendo á climatoloxía, causa pola que solicitan a prórroga, se debe ter en conta que nos meses de agosto, setembro e outubro unicamente executaron un 1,76% da obra. Nos meses de verán houbo unha climatoloxía favorable e a obra apenas avanzou na súa execución. Cuarto.- Tras diversos requirimentos por parte desta Dirección de Obra ó contratista para que presentase un programa de traballos coa planificación prevista para a realización dos traballos de xeito que se puidese facer un seguimento exhaustivo dos mesmos e así



comprobar o cumprimento do prazo de obras, estes non foron atendidos. Ditas peticións se realizáron de maneira verbal ó longo do prazo de execución previsto, así como por escrito mediante diversos correos electrónicos (datas 04, 11, 18 e 23 de novembro), cando aínda se estaba a tempo de revertir dita situación cunha planificación axeitada. Se lle insistiu en repetidas ocasións na necesidade de rematar a obra dentro do prazo fixado no contrato, indicando que deberían de poñer os medios dispoñibles cando aínda había tempo de abondo para poder rematar as obras en prazo. Ningún destes requirimentos foron atendidos. Quinto.- Precisamente no mes de novembro, a piques de rematar o prazo das obras, é cando se reanudan os traballos cun ritmo desexable, o que se comproba no importe da certificación ordinaria (225.0131,00 €), en contraposición co motivo alegado na súa solicitude de prórroga, na que solicitan unha prórroga de DOUS (2) MESES debido a que a causa “das precipitación caídas en outubro e novembro unicamente dispuxeron de catro días laborais sen precipitacións para a execución do estendido de aglomerado quente e pintado das estradas, imposibilitando a execución das obras no prazo inicialmente previsto”. Sexto.- O retraso na execución dos traballos foi por causas imputables ó contratista. Aínda non se pode saber a duración do retraso da execución das obras, pois a día de hoxe as obras están sen rematar, faltando a pintura das estradas e o recrecido das tapas existentes na calzada...”

Resultando.- Que complementa a directora de obra o seu informe con outro complementario emitido ó finalizar a execución da obra e con (CSV) 7CN6BMQ0S6NHGK2O, recollendo o seguinte: “...A data de finalización dos traballos contemplados nas obras de conservación de firmes do ano 2022 foi o día 9 de febreiro de 2023, como se recolle na última certificación realizada...”

Resultando.- Que o xefe do Servizo de Contratación, emitiu o preceptivo informe, recollendo o seguinte: “...A directora da obra recolle nos seus informes que existiu un retraso na execución dos traballos por causas imputables ó contratista, xa que nos meses de verán houbo unha climatoloxía favorable e a obra apenas avanzou na súa execución, sendo a porcentaxe de obra executada nos meses de agosto setembro e outubro do 1,76 %, realizándosele ó contratista múltiples requirimentos de forma verbal e escrita para que finalizara a obra no prazo fixado cando aínda había tempo, non sendo atendidos ningún destes requirimentos. Polo dito anteriormente, e polo recollido nos informes da directora de obra emitidos ó efecto así como o establecido nos pregos que rexeron nesta contratación e as normas de contratacións asociadas, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., non cumpriu co prazo de execución do contrato por causas que lle son imputables ó contratista, superando dito prazo en SESENTA (60) DÍAS, polo que cabería impoñerlle as penalidades correspondentes. A cuantificación económica da cantidade a penalizar sería o resultado de aplicar a proporción diaria de 0,60€ por cada 1.000 euros do prezo do contrato IVE excluído, sendo a cantidade resultante de 20.486,61 €, cantidade que lle sería deducía da garantía constituída no seu día...”

Resultando. Que requirido CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. para que fixera as alegacións que estimara oportunas (CSV) YKTQFP33RMEC9UM5, non consta que atendera ó requirimento en prazo establecido

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público recolle o seguinte: “...o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”



Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público recolle o seguinte: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva...”

Considerando.- Que a cláusula 20.4 do PCAP que rexeu nesta contratación en relación co artigo 193.3 da LCSP establecen no que ás penalidades por demora se refire, o seguinte: “...Cando a ou o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído...”

Considerando.- Que o artigo 194.2 do mesmo texto legal, establece que: “...as penalidades previstas nos dous artigos anteriores imponerse por acordo do órgano de contratación, adoptando a proposta do responsable do contrato, se se houbera designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas as deducións das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse dos pagos mencionados...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Impoñer penalidades á empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. por incumprimento culpable na execución da obra Contrato derivado LOTE 6. ZONA F2 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022

A cuantificación económica da cantidade a penalizar será de 20.486,61 €, que se fará efectiva ou mediante a dedución da citada cantidade da garantía definitiva depositada polo adxudicatario para facer fronte á execución da citada obra, ou depositando dita cantidade na Tesourería da Deputación de Pontevedra no prazo de DEZ DÍAS, a contar dende o día seguinte á notificación deste acordo.

7.32708.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA “REALIZACIÓN, EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO PLAN FUTURO DE ESTACIÓNS DE AFORO EN ESTRADAS DA REDE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO PERÍODO 2018-2022” (Expte.2018004326) (Devogarán 2022056975).

Por acordo de Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2018, adxudicouse á empresa Iceaca Consultores SLU (CIF: B15080849) o contrato relativo ó "Servizo de realización, execución e explotación do plan futuro de estacións de aforo en estradas da rede viaria da Deputación de Pontevedra no período 2018-2021" (EXP. 2018004326)

Para a correcta execución do contrato, a empresa Iceaca Consultores SLU (CIF: B15080849) constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva en valores establecida do 5% do prezo de adxudicación sen IVE por importe de 8.228,45 €, segundo consta na carta de pagamento de 201800104937 de data 19/06/2018, aval de Caixabank.

Resultando que, con data 22 de marzo de 2023, tivo entrada no rexistro desta Deputación, mediante instancia xenérica presentada por Antea Iberolatam, S.L., con código de rexistro WEB2023019831, solicitude de devolución da mencionada garantía, comunicando así mesmo o cambio de denominación social.



Resultando que, mediante escritura pública notarial adxunta de data 4 de febreiro de 2022, eleváronse a público os acordos adoptados pola Xunta Xeral Extraordinaria de Socios da Sociedade Antea Group N.V. (titular do 100% das participación sociais da mercantil Iceacsa Consultores, SL), na que se acordou o cambio de denominación desta última, cambiando a súa denominación social a ANTEA IBEROLATAM SL.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación que di: *“Finalizado o contrato, o Xefe de Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, responsable do contrato, non comunicou ningún vicio ou defecto do que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista. Transcorrido o prazo de garantía, e, en virtude do artigo 111.2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións dos intereses legais correspondentes por parte do adxudicatario no caso de non devolverse sen causa xustificada.”*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ANTEA IBEROLATAM SL (CIF: B15080849) (ANTIGUA ICEACSA CONSULTORES SLU), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo ó *“Servizo de realización, execución e explotación do plan futuro de estacións de aforo en estradas da rede viaria da Deputación de Pontevedra no período 2018-2021”* (EXP. 2018004326) sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de Caixabank, por importe de 8.228,45 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 19/06/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800104937.

8.32709.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE PR-D5000-2021-001085 DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte. 2023030782).

Con data 09/05/2023 a Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditaron providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do



programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións
1	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I	<i>Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do concello do Forcarei.</i> <i>Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón.</i>
2	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas II	<i>Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e piscina municipal do Concello de Caldas de Reis.</i> <i>Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio público integrado e Pavillón de deportes do Concello de Catoira.</i> <i>Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e complexo deportivo do Concello de Ribadumia.</i>

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo :

- 09331200 Módulos solares fotovoltaicos.
- 31712331-Células fotovoltaicas.
- 45300000-Traballos de instalación en edificios.
- 45310000.-Traballos de instalación eléctrica.

o contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP”.



A vista do exposto, polo técnico Cesar del Río Tapias (NIF 36.061.463-Q), adxudicatario do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de “*Mellora da eficiencia enerxética instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e resiliencia*”, redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas sendo os códigos CPV dos proxectos os seguintes:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións	Código CP
1	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I	<i>Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do concello do Forcarei.</i>	OQ6Q0S857Z18HG8E
		<i>Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón.</i>	OWRJGDGS3AZ6GMYS7
2	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas II	<i>Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e piscina municipal do Concello de Caldas de Reis.</i>	OKMYN4N75ZX0BZNL
		<i>Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio público integrado e Pavillón de deportes do Concello de Catoira.</i>	O2BBR4D2CZAORFD0
		<i>Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e complexo deportivo do Concello de Ribadumia.</i>	O71POQ0KL0Y95435

Vistos os informes de supervisión dos proxectos emitidos polos técnicos do Servizo de Cooperación.



Vistos os informes de fiscalización dos correspondentes proxectos emitidos pola intervención con data 23/05/2023 (lote 1) e de data 26/05/2023 (lote 2) polos que se informan favorablemente os proxectos, así como da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto, nas aplicacións orzamentarias 23/942.1700.652.15.2021 e 23/942.1700.652.15 do vixente orzamento provincial, segundo o seguinte detalle:

Lote 1

Nº proxecto	Aplicación orzamentaria	Nº RC	Importe
1	23/942.1700.652.15	202300103556	9.791,32, €
4	23/942.1700.652.15.2021	202300103560	53,81 €
	23/942.1700.652.15	202300103562	19.816,81 €
			29.661,94 €

Lote 2

Nº proxecto	Aplicación orzamentaria	Nº RC	Importe
2	23/942.1700.652.15.2021	202300111405	1.242,54 €
	23/942.1700.652.15	202300111407	51.313,81 €
3	23/942.1700.652.15.2021	202300111408	53,81 €
	23/942.1700.652.15	202300111411	19.816,81 €
5	23/942.1700.652.15	202300111412	45.356,85 €
			117.783,82 €

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar os proxectos correspondentes a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que se detallan a continuación:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións	Código CP
1	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas I	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do concello do Forcarei.	OQ6Q0S857Z18HG8E
		Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do concello, Centro de saúde e Albergue do concello de Dozón.	OWRJDGS3AZ6GMYS7
2	Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas II	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e piscina municipal do Concello de Caldas de Reis.	OKMYN4N75ZX0BZNL
		Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio público integrado e Pavillón de deportes do Concello de Catoira.	O2BBR4D2CZAORFD0
		Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalación solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e complexo deportivo do Concello de Ribadumia.	O71POQ0KL0Y95435

Os proxectos foron redactados polo técnico Cesar Del Río Tapias (NIF 36.061.463-Q).



9.32710.- OUTORGAMENTO DA CONDICIÓ DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2023/2024 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE. (EXPTE.2023017685)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 26 de novembro de 2021, aprobou o Plan de fomento da empregabilidade da Deputación de Pontevedra (acordo nº 28.31031) e está composto, entre outros, polo proxecto “Primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra.

Resultando que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023, entre outros, o acordo (nº 2.32497) de aprobación das bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o citado proxecto que foron publicadas no BOPPPPO nº68 do 10 de abril de 2023.

Resultando que finalizado o prazo de presentación da totalidade das solicitudes recibidas, que ascenden a 33, 31 compren os requisitos esixidos nas bases para obter a condición de entidades colaboradoras, quedando excluídas 2 solicitudes, unha por renuncia e a outra desestimada por non aportar en tempo a documentación necesaria.

Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases do citado proxecto e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude de iso, vistas todas as solicitudes presentadas e visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego de data 31 de maio de 2023 que di:” (...) *A través desta subvención financiarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo que deberá ser por un período máximo dun ano a tempo completo. O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, poderá ser inferior ao SMI vixente.*

As entidades colaboradoras deberán completar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios anteriormente indicados asumindo o custo total da Seguridade Social e demais conceptos salariais que poidan derivar da relación contractual con cada persoa traballadora baixo a modalidade de contrato formativo.

(...)

A contía máxima das subvención que se concederán por cada contrato formativo segundo o nivel de estudos serán as seguintes:

Nivel de estudos	Importe máximo mensual	Importe máximo anual da subvención
<i>Licenciatura, grao ou diplomatura</i>	<i>1.400,00 €/mes</i>	<i>16.800,00 €</i>
<i>Ciclo superior de formación profesional</i>	<i>1.200,00 €/mes</i>	<i>14.400,00 €</i>
<i>Ciclo medio de formación profesional</i>	<i>1.000,00 €/mes</i>	<i>12.000,00 €”</i>



Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego de data 31 de maio de 2023.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases reguladora e convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do Plan de fomento da empregabilidade, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Outorgar aos concellos solicitantes a condición de entidades colaboradoras que se relacionan no Anexo I xunto co número de contratos, nivel de estudos solicitado, a duración e a contía de subvención.
O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e os contratos deberán comezar o 15 de xullo de 2023.
Transcorrido o prazo de 10 días, contados desde o día seguinte á publicación no BOPPO, sen que se producise manifestación expresa da aceptación por parte das entidades beneficiarias entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
2. Aceptar a renuncia e desestimar as solicitudes que se relaciona no Anexo II.
3. Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2410.489.00 polo importe total de 529.100,00€ para os concellos que figuran como entidades colaboradoras seleccionadas e na contía que se relaciona no Anexo I. Así mesmo, autorizar o gasto por un importe de 625.300,00€ na aplicación, que será no seu caso, 24/2410.489.00 quedando condicionada á aprobación do orzamento do exercicio 2024.
4. Publicar o acordo no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

ANEXO I. RELACIÓN DE CONCELLOS SELECCIONADOS COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROXECTO PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NOS CONCELLOS 2023/2024

Cód. expediente	NIF	Concello	Nº de contratos	Nivel de estudos	Importe e mes	Duración max	Máximo anualidade e 2023	Máximo anualidade 2024	Máximo subvencionado
2023035832	P3600900I	A Cañiza	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036066	P3600900I	A Cañiza	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036772	P8600004I	A Illa De Arousa	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €



2023036086	P8600004I	A Illa De Arousa	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036082	P3603400G	As Neves	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036073	P3603400G	As Neves	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036088	P3600200D	Barro	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036093	P3600500G	Caldas De Reis	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036095	P3600500G	Caldas De Reis	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036099	P3600600E	Cambados	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	1 ano máximo	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036102	P3600600E	Cambados	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	1 ano máximo	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036104	P3600700C	Campo Lameiro	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036107	P3600800A	Cangas	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036110	P3600800A	Cangas	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036108	P3600800A	Cangas	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036111	P3600800A	Cangas	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036116	P3601000G	Catoira	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036117	P3601000G	Catoira	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036119	P3601300A	Covelo	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €



2023036122	P3601800J	Forcarei	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	1 ano máximo	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036123	P3601800J	Forcarei	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036124	P3602600C	Marín	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036125	P3602600C	Marín	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036127	P3602600C	Marín	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036128	P3602600C	Marín	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036131	P3602700A	Meaño	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036129	P3602700A	Meaño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036135	P3602800I	Meis	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	1 ano máximo	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036137	P3602900G	Moaña	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036155	P3602900G	Moaña	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036157	P3602900G	Moaña	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036158	P3602900G	Moaña	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036194	P3603100C	Mondariz Balneario	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036159	P3603200A	Moraña	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036161	P3603200A	Moraña	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €



2023036163	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036165	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036162	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036168	P3603500D	Nigrán	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036178	P3602200B	O Grove	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	1 ano máximo	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036180	P3602200B	O Grove	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036182	P3602200B	O Grove	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036714	P3603900F	O Porriño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036716	P3603900F	O Porriño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036717	P3603900F	O Porriño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036720	P3603900F	O Porriño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036704	P3604800G	O Rosal	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036707	P3604800G	O Rosal	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036664	P3604500C	Redondela	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	1 ano máximo	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036673	P3604500C	Redondela	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036669	P3604500C	Redondela	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €



2023036671	P3604500C	Redondela	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036674	P3604600A	Ribadumia	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036678	P3604600A	Ribadumia	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036185	P3604700I	Rodeiro	1	Ciclo medio de formación profesional	1.000 €	1 ano máximo	5.500 €	6.500 €	12.000 €
2023036687	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036681	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036682	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036684	P3605100A	Sanxenxo	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036696	P3605200I	Silleda	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036697	P3605200I	Silleda	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036192	P3605300G	Soutomaíor	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036709	P3605400E	Tomíño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036708	P3605400E	Tomíño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036710	P3605400E	Tomíño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036712	P3605400E	Tomíño	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036195	P3605900D	Vila De Cruces	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €



2023036722	P3606000B	Vilagarcía De Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036723	P3606000B	Vilagarcía De Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036727	P3606000B	Vilagarcía De Arousa	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036724	P3606000B	Vilagarcía De Arousa	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
2023036743	P3606100J	Vilanova De Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036732	P3606100J	Vilanova De Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036744	P3606100J	Vilanova De Arousa	1	Ciclo superior de formación profesional	1.200 €	1 ano máximo	6.600 €	7.800 €	14.400 €
2023036745	P3606100J	Vilanova De Arousa	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	1.400 €	1 ano máximo	7.700 €	9.100 €	16.800 €
						TOTAL	529.100 €	625.300 €	1.154.400 €

ANEXO II. RELACIÓN DE CONCELLOS QUE RENUNCIAN OU DESESTIMAN AS SÚAS SOLICITUDES NO PROXECTO PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NOS CONCELLOS 2023/202

Cód. expediente	NIF	Concello	Nº de contratos	Nivel formativo	Estado solicitude
2023036121	P3601500F	CUNTIS	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	Desestimada
2023036763	P3602400H	LALÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	Renuncia
2023036767	P3602400H	LALÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	Renuncia
2023036770	P3602400H	LALÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	Renuncia
2023036771	P3602400H	LALÍN	1	Licenciatura, grao ou diplomatura	Renuncia



10.32711.- AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2021. (5ª MOBILIDADE). (Expte.2021060768)

O 25 de marzo de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2021 do programa Erasmus+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11), aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) ao abeiro do Regulamento (UE) núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O 14 de maio de 2021 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto denominado “PRACTICUM DEPO 2021” (ID do formulario: KA121-VET-0706FEE4) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Movilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 9 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de outubro de 2021 a Dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución pola que se publicaron os listados de solicitudes seleccionadas e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas, correspondentes á convocatoria de propostas 2021 do Programa Erasmus+, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto “PRACTICUM DEPO 2021” por importe de 911.037,00 €.



Trátase dun proxecto plurianual (2021-2023) e para a anualidade 2021 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 20 de decembro de 2021 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se aceptou a subvención concedida e se asumiu o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2023. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 27 de outubro do 2022 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de agosto do 2023.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas.

Á súa vez, a Deputación creou o comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas á mobilidade do Practicum Depo 2021, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, o alumnado distribúese en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 31 alumnos que iniciaron a mobilidade en marzo do 2022 con destino Italia, Portugal, Malta, Irlanda e Países Baixos.
- A segunda quenda, que comprende un total de 10 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo do 2022 con destino Italia, Portugal e Francia.
- A terceira quenda, que formada por 1 docente que iniciou a mobilidade en setembro do 2022 con destino Italia.
- A cuarta quenda, que comprende un total 25 alumnos que iniciaron a mobilidade en novembro do 2022 con destino Francia, Irlanda, Italia, Portugal e República Checa.
- A quinta quenda, que comprende un total 40 alumnos que iniciaron a mobilidade en xaneiro de 2023 con destino Portugal, Italia, Irlanda, Finlandia, Malta, República Checa.
- A sexta quenda, formada por 2 docentes que iniciaron a mobilidade en febreiro do 2023 con destino Portugal.
- A sétima quenda, integrada por 2 docentes que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Malta e Portugal.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de participantes (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en xullo do 2023.



A cláusula 2.4 do convenio de subvención Erasmus+ para estudante e persoal de Formación Profesional formalizado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes do proxecto establece que estas poderán enviar unha solicitude de ampliación da duración do seu período de mobilidade ata a duración máxima prevista na cláusula 2.3 (365 días).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2022 adoptou, entre outros o seguinte acordo: 24.32423.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO PRACTICUM DEPO 2021 (5ª MOBILIDADE_Nº expediente 2021060768).

Con data 5 de maio de 2023 ofrecéuselle aos beneficiarios da 5ª mobilidade ampliar voluntariamente as súas mobilidade, solicitando confirmación a través de correo electrónico. Os participantes Cristian Luis Ferreiro Corral (54232802K), Juan Luis Pérez Santos (77543752B) e José Manuel Sánchez Fernández (77479614C) solicitaron ampliar a súa estancia conforme ao detalle seguinte:

Participante	Sector	Centro formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
Cristian Luis Ferreiro Corral	Instalacións de telecomunicacións	CPR San Miguel	Portugal	21/06/2023	26/06/2023	6	240,00
Juan Luís Pérez Santos	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	01/07/2023	31/08/2023	62	2.480,00
José Manuel Sánchez Fernández	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	Portugal	01/07/2023	31/08/2023	62	2.480,00
							5.200,00

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino. A plataforma *Beneficiary Module*, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte dos interesados das cantidades asignadas en concepto de axuda individual co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinala aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Esta ampliación beneficia tanto ás persoas beneficiarias das prácticas, que poden seguir formándose e aprendendo nas súas respectivas organizacións de acollida, como ao consorcio do proxecto Practicum Depo 2021, acadando unha maior porcentaxe de execución orzamentaria.



Para tal finalidade, deberá realizarse unha nova adxudicación complementaria relativa á duración adicional pola que os participantes ampliarán a súa estancia.

Con data 25 de maio de 2023 emitíuse informe – proposta para a ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (5ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e a Deputada Delegada.

Con data 26 de maio de 2022 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (5ª mobilidade) detalladas anteriormente. A contía ascende a 5.200,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003_PRACTICUM DEPO 2021.

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2021 do programa Erasmus+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2023.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, propónse que se acorde a concesión das bolsas de ampliación de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (5ª mobilidade) detalladas no anexo.

Para esta ampliación da 5ª mobilidade, solicitouse informe de fiscalización para a concesión das bolsas de mobilidade pola contía de 5.200,00€, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2000003_PRACTICUM DEPO 2021.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión das bolsas de ampliación de mobilidade aos participantes do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2021 (5ª mobilidade) detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade. Para esta ampliación a contía ascende a 5.200,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2000003__PRACTICUM DEPO 2021 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.

Dito anexo é como segue:

Participante	Sector	Centro formación	Destino	Data de inicio ampliación	Data de fin ampliación	Total días	Importe ampliación
Cristian Luis Ferreiro Corral	Instalacións de telecomunicacións	CPR San Miguel	PORTUGAL	21/06/2023	26/06/2023	6	240,00
Juan Luís Pérez Santos	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	01/07/2023	31/08/2023	62	2.480,00
José Manuel Sánchez Fernández	Sistemas microinformáticos e redes	IES Chan do Monte	PORTUGAL	01/07/2023	31/08/2023	62	2.480,00
							5.200,00

11.32712.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2023038934, que contén 11 facturas e por un importe de 34.922,50€ e con CSV: 00XMJSEM3NS9RACO, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 25/05/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	34.657,90 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	264,60 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	34.922,50 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



12.32713.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DO GROVE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 2+550”.
 (Expte. 2022071460)

Antecedentes.

1. O 9 de xuño de 2022 a Deputación de Pontevedra e o *Concello do Grove* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución das obras de mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 2+550, con vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Conforme ao dito convenio as obras fináncianse do seguinte modo:

Organismo	Achega	%	Aplicación
Deputación de Pontevedra	441.426,99 €	80%	22/456.4530.612.02
Concello do Grove	110.356,75 €	20%	Plan Concellos 2022
Total	551.783,74 €	100%	

2. O 28 de abril de 2023 publicouse na páxina web da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) a resolución do seu secretario, concedéndolle á Deputación de Pontevedra unha subvención do 100 % por importe de 551.783,74 € para as obras obxecto do antedito convenio.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios y Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª Obxecto e procedemento.

Esta Addenda ten por obxecto reformular o financiamento previsto no convenio logo da concesión definitiva da axuda solicitada á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ao amparo do Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á FEMP para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

En aplicación do principio de prohibición da dobre financiación das actuacións subvencionadas, o Decálogo de criterios de actuacións nas vías provinciais, aprobado en sesión ordinaria do Pleno da Deputación de 29 de xaneiro de 2016 e modificado na de 25 de setembro de 2020, apartado 8, establece que os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporción, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.

Polo que atinxe ao procedemento o convenio formalizado non regula o réxime de modificación. Conforme ao establecido no artigo 49.g) da LRXSP a falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo das partes asinantes.

Emitidos os informes preceptivos deberá adoptarse acordo polo mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación; no caso da Deputación, a Xunta de Goberno. O acordo que se adopte estará condicionado ao acordo ou resolución do órgano competente do Concello.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a *PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DO GROVE PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 2+550.*

INTERVENÈN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Dontra parte, José Antonio Cacabelos Rico, alcalde do Concello do Grove no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I. O 9 de xuño de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello do Grove formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 2+550. Concello do Grove”, con vixencia conforme á súa cláusula novena ata o 31 de decembro de 2023.

Conforme ao convenio formalizado, a contribución económica do Concello do Grove ás obras, con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, é de 110.356,75 € (20%).

II. A Deputación de Pontevedra solicitoulle, o 22 de decembro de 2022, á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), unha subvención para a execución das obras obxecto do convenio, ao amparo da segunda convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación e a rehabilitación de contornos saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C18.I2).

III. O 28 de abril de 2023 publicouse na páxina web da FEMP a resolución definitiva do secretario xeral da Federación Española de Municipios y Provincias, concedéndolle á Deputación de Pontevedra unha subvención por importe de 551.783,74 € para as obras obxecto do antedito convenio.

IV. Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provincias aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “As sendas peonís e/ou ciclables serán cofinanciadas ó 80% pola Deputación e ó 20% por cada concello. Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporción, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.”

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de reformular o financiamento das obras previstas no Convenio e,

PACTAN

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Grove para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 2+550. Concello do Grove”, quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 2023/456.4530.612.02/2022 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada pola FEMP.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.



Conforme á Resolución definitiva da FEMP publicada en data 28 de abril de 2023 e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

Organismo	Achega	Porcentaxe (%)
FEMP	551.783,74 €	100%
Deputación de Pontevedra e Concello do Grove	0	0%
Total OBRAS	551.783,74 €	100%

O importe achegado no seu día polo Concello do Grove con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, e non utilizado na financiación deste proxecto (110.356,75 €) debido á subvención da FEMP, poderá destinarse a outra finalidade do Concello, mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023.

De modificarse o importe da axuda concedida pola FEMP, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello do Grove do convenio inicialmente asinado. Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea lóxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

Aínda que a obra se presupón finalizada para finais do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio inicial.

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 9 de xuño de 2022, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

TERCEIRO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,

María del Carmen Silva Rego

O alcalde do Concello do Grove,

José Antonio Cacabelos Rico

O secretario xeral da Deputación,

Carlos Cuadrado Romay

2º.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

3º.- Notificar o presente acordo ao Concello do Grove, comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



13.32714.- ACEPTACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA A IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS EN 9 EMPRAZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, CORRESPONDENTES COS EXPEDIENTES INEGA IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 E IN421R-3539. (Expte.2022046976)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista das Resolucións favorables de concesión de axuda emitidas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emplacementsos da Deputación de Pontevedra, e co obxecto de aceptar as axudas concedidas mediante as Resolucións favorables da Xerente do INEGA aos expedientes INEGA núm. IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- *O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.*
- *O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 14 de abril de 2021 (BOE núm. 89) o Real Decreto 266/2021, do 13 de abril, polo que se aproba a concesión directa de axudas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo. En desenvolvemento do citado Real Decreto, axénciase Instituto Enerxético de Galicia publicou no día 5 de agosto de 2021 (DOG núm. 149) a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), modificada posteriormente pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG do 27 de outubro de 2021) e pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG do 13 de xaneiro de 2022).*
- *A Deputación de Pontevedra desexa habilitar infraestruturas de recarga para vehículos eléctricos nos seguintes emplacementsos da Deputación de Pontevedra:*
 - *Centro Príncipe Felipe en Pontevedra.*
 - *Edificio Castelaio en Pontevedra.*
 - *Estación Fitopatolóxica en Pontevedra.*
 - *Viveiro de Empresas en Barro.*
 - *Parque de Maquinaria en Barro.*
 - *Sede da Deputación de Pontevedra en Vigo.*



- *Castelo Soutomaior en Pontevedra.*
 - *Finca Mouriscade en Lalín.*
 - *Viveiro de empresas en Lalín.*
- *Mediante a Resolución Presidencial número RP2022005305, de data 21/07/2022, aprobouse a presentación das solicitudes de axudas baixo o proxecto denominado “Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emplacements da Deputación de Pontevedra”, ao amparo do programa MOVES III” do “Programa de incentivos 2: Implantación de infraestruturas de recarga, regulado na Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III).*
 - *O obxecto do proxecto consiste na instalación de 9 infraestruturas de recarga para vehículos eléctricos nos emplacements da Deputación de Pontevedra anteriormente citados. O investimento elixible do proxecto ascende a 539.805,80 euros.*
 - *En data 21/07/2022 preséntanse ante o INEGA as 9 solicitudes de axuda para “Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emplacements da Deputación de Pontevedra. Tras a súa avaliación, a Xerente do INEGA emite varias Resolucións nas que se estiman favorablemente as solicitudes, e concédense as subvencións no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, aos proxectos e polos importes que se identifican na seguinte táboa:*

<i>Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emplacements da Deputación de Pontevedra Programa Moves III</i>							
<i>Código expediente</i>	<i>Nome proxecto</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Data concesión</i>	<i>Rexistro entrada</i>	<i>Investimento elixible (100%)</i>	<i>Axuda INEGA (NGEU)</i>	<i>Aportación Deputación (fondos propios)</i>
IN421R-3527	1 - Centro Príncipe Felipe	21/07/2022	08/05/2023	2023011013	69.744,40€	48.821,08€	20.923,32€
IN421R-3530	2 - Museo Pontevedra	21/07/2022	20/04/2023	2023009060	11.571,23€	8.099,86 €	3.471,37€
IN421R-3532	3 -EF Areeiro	21/07/2022	24/05/2023	2023012160	62.611,45€	43.828,01€	18.783,44€
IN421R-3533	4 - Viveiro empresas Barro	21/07/2022	24/05/2023	2023012159	38.834,95€	31.067,96€	7.766,99€
IN421R-3534	5 -Parque Maquinaria Barro	21/07/2022	24/05/2023	2023012158	136.001,58€	108.801,26€	27.200,32€
IN421R-3535	6 - Sede Vigo	21/07/2022	24/05/2023	2023012164	137.190,40€	96.033,28€	41.157,12€
IN421R-3536	7 - Castelo Soutomaior	21/07/2022	24/05/2023	2023012163	34.872,20€	24.410,54€	10.461,66€
IN421R-3538	8 -Finca Mouriscade	21/07/2022	24/05/2023	2023012161	34.872,20€	24.410,54€	10.461,66€
IN421R-3539	9 -Viveiro empresas Lalín	21/07/2022	20/04/2023	2023009059	14.107,39 €	9.875,17 €	4.232,22 €
TOTALES					539.805,80 €	395.347,70 €	144.458,10 €



- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctese na seguinte táboa:

<i>Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emprazamentos da Deputación de Pontevedra Programa Moves III</i>	
<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<i>Ampliacións de Potencia</i>	<i>56.000,00 €</i>
<i>Obra civil, instalación de cableado, proteccións, material incluído desde cuadro de baixa ata punto</i>	<i>101.900,00 €</i>
<i>Custe do punto de recarga SIMPLE. Punto de 50 kW cada un.</i>	<i>100.000,00 €</i>
<i>Custe do punto de recarga. Punto de 22 kW cada un.</i>	<i>56.500,00 €</i>
<i>Custes adicionais de sinalización do punto de recarga.</i>	<i>9.500,00 €</i>
<i>Sistema de pago integrado na estación de recarga.</i>	<i>10.800,00 €</i>
<i>Sinalización da estación de recarga.</i>	<i>2.850,00 €</i>
<i>Sistema de xestión, control e seguridade</i>	<i>3.000,00 €</i>
<i>P.E.M. (Presuposto de Execución Material)</i>	<i>340.550,00 €</i>
<i>Gastos Xerais (6%)+ Beneficio Industrial (13%)</i>	<i>64.704,50 €</i>
<i>Total presuposto sen IVE</i>	<i>405.254,50 €</i>
<i>IVE (21 %)</i>	<i>85.103,45 €</i>
<i>Total presuposto execución IVE incluído</i>	<i>490.357,95 €</i>
<i>Honorarios técnicos</i>	<i>Custos</i>
<i>Honorarios por proxecto, dirección de obras e legalizacións (12% del PEM)</i>	<i>40.866,00 €</i>
<i>IVE (21%)</i>	<i>8.581,86 €</i>
<i>Total presuposto honorarios IVE incluído</i>	<i>49.447,86 €</i>
<i>Total presuposto con IVE incluído</i>	<i>539.805,80 €</i>



En canto a execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada e estímase que no prazo de 12 meses, a contar a concesión da axuda, a obra estea rematada, polo que se prolongará hasta xuño do 2024, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 empraçamentos da Deputación de Pontevedra Programa Moves III	
ENTIDADE	Execución no 2023 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda INEGA (NGEU)	395.347,70 €
Aportación Deputación (fondos propios)	144.458,10 €
Totais	539.805,80 €

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Real Decreto 266/2021, do 13 de abril (BOE/BOE núm. 89), polo que se aproba a concesión directa de axudas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.
- Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), modificada posteriormente pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG do 27 de outubro de 2021) e pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG do 13 de xaneiro de 2022).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- *De conformidade co previsto no artigo 8 da Resolución do 26 de xullo de 2021 para formular a solicitude deberase achegar un certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamento provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición do diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*



III. CONCLUSIÓNS

Os proxectos identificados cos códigos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539, integrados no programa MOVES III ao amparo do “Programa de incentivos 2: Implantación de infraestruturas de recarga”, regulado na Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) teñen o obxectivo de habilitar infraestruturas de recarga para vehículos eléctricos nos emplacements da Deputación de Pontevedra mencionados nos antecedentes. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo ao INEGA e completándose cunha achega por parte da Deputación de cada actuación incluída no proxecto.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio dos proxectos de “Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos” identificados cos códigos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539 é necesario realizar a aprobación dos mesmos, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 395.347,70 euros correspondente ás subvencións concedidas mediante as resolucións de concesión de axudas do INEGA (números dos proxectos códigos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539), e números de entrada no rexistro da Deputación de Pontevedra 2023011013, 2023009060, 2023012160, 2023012159, 2023012158, 2023012164, 2023012163, 2023012161 e 2023009059 respectivamente.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 144.458,10 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo INEGA, inicianse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda concedida polo INEGA aos proxectos identificados cos códigos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539 de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novó”



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 26/05/2023, e da Intervención Provincial de data 30/05/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida polo INEGA aos proxectos identificados cos códigos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539 para a súa execución, mediante resolucións favorables da Xerente do INEGA cos números de rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra 2023011013, 2023009060, 2023012160, 2023012159, 2023012158, 2023012164, 2023012163, 2023012161 e 2023009059 respectivamente por un importe de 395.347,70 €.
- Aprobar o gasto para a anualidade 2023 cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución no 2023 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida INEGA (NGEU)	395.347,70 €
Aportación Deputación (fondos propios)	144.458,10 €
Total	539.805,80 €

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 144.458,10 euros na aplicación que se abra do orzamento provincial no correspondente proxecto de gastos 9230xxx “Programa Moves III” sobre o que se contabilizarán as operacións de “xeración de crédito”, polo importe estimado da subvención a percibir do INEGA.



- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.
 - Xustificar ante o INEGA directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, que cumpre cos requisitos ou condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente, o que se sinala na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.
 - Realizar o pagamento das facturas antes da data en que deban presentarse ante o Inega. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como se establece no artigo 20 da convocatoria.
 - No caso do Programa Incentivos 2, o beneficiario está obrigado a respectar o destino un mínimo de cinco anos no caso de recarga do acceso público.
 - Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
 - Comunicarlle ao Inega, directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, recollidas no artigo 16 da convocatoria.
 - Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
 - Toda referencia ás actuacións subvencionadas en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e en xeral calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuran no Manual de Imaxe do Programa de incentivos á mobilidade eléctrica que estará dispoñible na web do IDAE, no que figuran Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, e ó “Programa de incentivos a Mobilidade Eléctrica, MOVES III”, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e tamén deberán constar o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 - Tamén supón a súa aceptación da obriga de aplicar medidas antifraude, eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, e cumprir coa normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.
 - Comunicarlle ao Instituto Enerxético de Galicia a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



- O beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 34, apartado 2, do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021: O único logotipo válido é o formado polo emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea situada debaixo do mesmo. Se ben, en toda comunicación relativa a fondos europeos deberase incorporar ademais unha referencia á financiación pola Unión Europea e ao Fondo NextGenerationEU.
- Darlle traslado do presente acordo á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia

14.32715.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GANDOMAR NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023- LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ASFALTADO DA CARRETERA DE DONAS- SAN ADRIÁN”, EXPEDIENTE (Expte.2023007663)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por



compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 01/02/2023, por rexistro WEB2023005497, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, de petición do *Concello de Gondomar* mediante a que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 223.160,68 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Asfaltado da estrada de Donas-San Adrián*” (Expte. 2023007663), quedando configurada a petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	223.160,68€	223.160,68€	-----



O concello achega o certificado da secretaria municipal onde se fai constar a inclusión no inventario do camiño no que se van a executar as obras de referencia.

- En datas posteriores, o concello emenda as deficiencias detectadas no proxecto achegado.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 31/05/2023. Mais a concesión debe quedar condicionada a que o concello achegue as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional (Patrimonio), de Augas de Galicia e da Deputación Provincial (Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais)

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 31/05/2023, e da Xefa do Servizo de Cooperación da mesma data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 31/05/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, a cantidade de 223.160,68 euros con destino ao financiamento do investimento “*Asfaltado da Carretera de Donas- San Adrián*” (Expte. 2023007663).
- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito para facer fronte ao gasto. Non obstante, a presente concesión debe quedar condicionada a que o concello achegue, xunto coa primeira xustificación, a resolución favorable da entidade Augas de Galicia, a autorización sectorial do Servizo de Vías e Infraestruturas Provinciais da Deputación de Pontevedra e a autorización sectorial de Patrimonio.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme ao recollido na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento, incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 31 de decembro de 2024 e xustificado a 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.32716.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEVEDRA CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL RESPECTO DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRID(PONTEVEDRA)”.
 (Expte.2023039178)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido de continuar coas amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, nos tramos que transcorren tanto por espazos urbanos como por zona rural, consolidando un programa de actuacións para o desenvolvemento de proxectos para a mellora da mobilidade aumentando así a seguranza viaria.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do servizo de Infraestruturas, e o concello de Pontevedra acordan celebrar un convenio de colaboración, prestando o Concello conformidade en acordo de Xunta de Goberno Local de 22 de xullo de 2022, para o investimento “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da entidade local menor de Bembrive, P.Q. 3+430 ”.
- En data 18/05/2023 o enxeñeiro director da área de Mobilidade do Concello de Pontevedra emite informe favorable respecto da proposta de Convenio e o proxecto remitido.
- Neste contexto, en data 24/05/2023 e nº de rexistro 2023012126, o Concello de PONTEVEDRA solicita formalmente e en prazo a autorización da aplicación de crédito para a financiación das obrigas do Concello en relación co “Convenio de colaboración entre a Excma Deputación provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Pontevedra para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido”, que está a desenvolver o servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra.
- En data 01/06/2023 os servizos técnicos da Deputación emiten informe favorable sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre a prioridade das obras.
- O Concello ten pendente someter a Xunta de Goberno a proposta de acordo de aprobación do citado convenio, cun orzamento total de 1.744.346,74 euros (1.724.510,78 € obras + 19.835,96 € expropiacións), aportando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 1.379.608,62 euros, sendo a aportación municipal de 364.738,12 euros, tal é como establece a seguinte táboa:

ORGANISMO	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	1.379.608,62 €	80
Concello de Pontevedra	344.902,16 € (+ 19.835,96 € en concepto de expropiacións)	20
TOTAL OBRAS (+ expropiacións)	1.724.510,78 € (+ 19.835,96 € en concepto de expropiacións)	100



- No convenio, cláusula terceira, establécese que a achega do Concello de Pontevedra, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, realizarase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos concellos para o desenvolvemento das actuacións no Concello de Pontevedra, polo que será con cargo á aplicación 23/942.9420.762.14.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Consideracións Xurídicas

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.



- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Competencia para resolver:

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e na Base 16ª do Orzamento da Deputación Provincial do ano 2023 a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Visto que a solicitude do *Concello de Pontevedra* relativa ao financiamento das súas obrigas en relación co Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E:P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido”, que tramita o servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, foi presentada dentro de prazo, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación necesaria, a excepción da aprobación do texto do convenio por parte do Concello, para a válida concesión dunha subvención por importe de 364.738,12 euros (344.902,16 € en concepto do 20% do importe das obras a realizar e 19.835,96 € en concepto de expropiacións), cun orzamento total de 1.744.346,74 euros (1.724.510,78 € en concepto de obras + 19.835,96 € en concepto de expropiacións).

Visto que o obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables ao ser os servizos afectados no proxecto de titularidade municipal (mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns).

Visto que o correspondente instrumento de colaboración que se vai a financiar a cargo dos INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) non altera nin amplía no tempo os créditos orzamentarios que se reterán para realizar logo a xeración de crédito mediante os documentos contables pertinentes.

Por todo o exposto, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe da xefa do servizo de Cooperación de data 31/05/2023 que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial de data 01/06/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, de maneira condicionada á aportación da aprobación do texto do convenio por parte do Concello de Pontevedra, unha subvención por importe de 364.738,12 € (344.902,16 € en concepto do 20% do importe das obras a realizar e 19.835,96 € en concepto de expropiacións), ao *Concello de Pontevedra*, CIF P3603800H, con destino ao financiamento da achega municipal en relación co convenio



de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E:P. 0002 Marvo-Tomeza-Figueirido*” (Expte. Infraestruturas 2022060068), cun orzamento polo importe total de 1.744.346,74 euros (1.724.510,78 € en concepto de obras + 19.835,96 € en concepto de expropiacións), e tendo en conta que o Concello deberá obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que foses precisas ao abeiro do establecido na cláusula quinta do convenio.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Posteriormente, se xerará crédito na aplicación correspondente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, Servizo de Infraestruturas e ao Gabinete da Presidencia.

16.32717.- PRESTAR CONFORMIDADE AO PROXECTO MODIFICADO RELATIVO AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL”. (Expte 2018041855)

Mediante acordo do Pleno núm. 8.7039 de 24/11/2017, aprobouse o “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS EAMIL*”, asinándose o 02/01/2018 e sendo publicado no BOPPO con núm. 5 de 08/01/2018, cun orzamento de 5.895.000,00 euros, para o que se concedeu unha subvención polo importe de 3.537.000,00 €, imputables contra as aplicacións 2018/942.9420.762.14 e 2019/942.9420.762.14 do orzamento provincial.

O Concello licitou por importe de 5.895.000,00 €, asinando en data 30/04/2018 o contrato coa empresa adjudicataria por importe de 4.066.810,00 € (IVE incluído).

O Concello de Vigo para adaptar o proxecto á realidade existente, e conforme as necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional e seguridade viaria, introduce uns cambios necesarios na execución das obras, polo que en data 02/04/2020 aproba en Xunta de Goberno Local un novo proxecto en tempo e forma, si ben incumprindo a obriga de comunicación formal á Deputación de Pontevedra.

En data 18/11/2021 mediante nº de rexistro 2021027556 o Concello presentou en prazo e forma, as correspondentes certificacións de obra polo importe de 599.175,62 € e o modificado.



Os facultativos técnicos do servizo de Cooperación xiraron visita de comprobación das obras de “IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL” a fin de comprobar materialmente a execución do investimento, prestando conformidade ás certificacións núms. 21 a 31 final achegadas, emitindo informe xustificativo en data 05/05/2022.

- En data 24/05/2023, o enxeñeiro xefe de cooperación emite informe no que xustifica a tramitación do modificado. A execución do investimento certificado axústase ao proxecto modificado que obra no expediente, e a xefa do Servizo de Cooperación emite informe positivo de tramitación o 01/06/2023, mesma data na que a Intervención provincial emite o correspondente informe de fiscalización favorable.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a construción do “PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUNHA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á



Resolución cando se incorporen ó texto da mesma:

- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das bases de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Tramitación do proxecto modificado:

- Artigo 204 da LCSP, que regula as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e de conformidade con este artigo e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 5% do prezo inicial do contrato.
- Artigo 242 da LCSP, que recolle o procedemento a seguir na tramitación e aprobación dun proxecto modificado.

Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Cláusula 4º do Convenio, relativa a compromisos do Concello.

Competencia para resolver

- De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na base 16ª.2.c) de execución do orzamento provincial, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓNS

O novo proxecto aprobado polo Concello en tempo e forma non introduce variacións substanciais respecto do proxecto orixinal.

Coa tramitación do modificado non se prexudican dereitos ni intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, e os informes favorables do facultativo técnico de Cooperación de data 24/05/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 01/06/2023 e da Intervención provincial da mesma data, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao proxecto modificado ao abeiro do “*Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para o proxecto de implantación dunha vía ciclista entre Teis e Samil*”.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia

17.32718.- COMUNICACIÓNS

Non houbo

18.32719.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina Sr. Vicepresidente, comigo, o Secretario que dou fe.

